



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na comunidade autónoma. Tributos propios e tributos cedidos

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2014
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 04/06/2014 - 08:00h ao 13/06/2014 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxecto deste curso é coñecer os aspectos xerais da política orzamentaria e tributaria da comunidade autónoma, aprofundando no coñecemento das materias relativas á orzamentación do sector público autonómico e da capacidade fiscal nos tributos propios e nos tributos cedidos que configuran a política dos ingresos públicos.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

PROGRAMA

PARTE 1: Introducción á política orzamentaria e tributaria. Aspectos xerais (3 horas)

1.1. Funcións básicas do sector público: asignación eficiente de recursos, redistribución da renda, estabilización do ciclo económico.

1.2. O orzamento do sector público. Definición e principios orzamentarios (principios políticos, contables e económicos).

1.3. O ciclo orzamentario.

1.4. Estructura e contido do orzamento: clasificación do orzamento de ingresos e gastos, o saldo orzamentario e o orzamento de gastos fiscais.

1.5. As técnicas orzamentarias: orzamento por programas, por actividades e o orzamento base 0.

1.6. Análise cuantitativo da política orzamentaria e tributaria.

1.7. A política orzamentaria e tributaria e a descentralización autonómica.

PARTE 2: Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na Comunidade Autónoma en Galicia (5 horas).

2.1 O proceso de elaboración orzamentaria en Galicia.

2.2 Criterios xerais para a elaboración dos orzamentos en Galicia.

2.3. Estructura orzamentaria.

2.4 O plan económico financeiro de reequilibrio da Comunidade Autónoma de Galicia 2012-2014.

2.5. Análise cualitativo e cuantitativo dos orzamentos en Galicia.

PARTE 3. Política tributaria na Comunidade Autónoma en Galicia (7 horas)

3.1. Introducción á política tributaria en Galicia.

3.2. Capacidade fiscal en tributos propios e outras figuras vixentes en Galicia: Imposto sobre o xogo do bingo, Canón de saneamento, Imposto sobre a contaminación atmosférica, Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamento da auga embalsada e Canón eólico.

3.3. Capacidade fiscal en tributos cedidos e compartidos en Galicia: Imposto da Renda das Persoas Físicas, Imposto de Sucesións e Doazóns, Imposto sobre o Patrimonio, Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto especial sobre vendas minoristas de determinados hidrocarburos, Taxas fiscais sobre o xogo.

3.4. Análise cualitativo e cuantitativo da política tributaria en Galicia

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008, publicada no DOG núm 7 do 10 de xaneiro de 2008.

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 27/10/2014 a 10/11/2014

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Alberto Vaquero García